



aula

BLANCO AMOR

1897-1979

1993
LETRAS
GALEGAS

a súa vida

Eduardo Blanco Amor naceu na vila de Ourense, o 14 de setembro de 1897. Este feito familiar marcou para sempre a historia de Eduardo. O mozo ourensán realizou os seus estudos na cidade das burgas. A medida que vai lendo novelas e poesías comeza nel o seu interese pola literatura.

En 1919 Eduardo Blanco Amor deixou Ourense rumbo á Argentina. Participou na fundación da revista *Terra*, boletín da cultura galega, e na revista galeguista *Céltiga*.

Co estourido da guerra civil desenvolveu unha intensa actividade xornalística a prol dos republicanos.

En 1965 decidiu retornar definitivamente a Galicia. Esta última etapa foi de gran actividade literaria, escribiu a novela ***Xente ao Lonxe***.

O 1 de decembro de 1979 nunha visita á cidade de Vigo, o corazón xogoulle unha mala pasada, deixándonos para sempre. emigración.

a súa obra

A ESMORGA

A esmorga nárranos a trágica historia de tres compañeiros que se encontran un luns ó amencer e deciden pasa-lo día enteiro de borracheira polos baixos fondos da cidade de Auria. Pero sen querer van deixando tras de sí un rastro de crimes que os obrigará a iniciar unha viaxe-fuxida para evitar ser

capturados pola xustiza. Os feitos iranse volvendo en contra deles ata acabaren traicionándose os uns ós outros. Finalmente, Cibrán, o único personaxe que logra remata-lo día con vida, é apresado pola Garda Civil e verase obrigado a prestar declaración ante o xuíz...).

OS NONNATOS. / ROMANCES GALEGOS. / POEMA EN CATRO TEMPOS. / A ESCALEIRA DE JACOB. / CANTOS A GALIZA ENCADEADA. / CANCIONEIRO. / A ESMORGA. / OS BIOSBARDOS. / XENTE AO LONXE. / FARSAS PARA TÍTERES. / TEATRO PRA XENTE. / POEMAS GALEGOS. / PROCESO EN JACOBUSLAND. / CASTELAO ESCRITOR. / A CONTRAPELO. /

